

O ACONTECEMENTO IRMANDIÑO, AS LOITAS NOBILIARIAS E A SUA INFLUENCIA NOS CONCELLOS DE CANGAS E MOAÑA (1ª parte)

Xosé C. Villaverde Román

Non hai moito que a fundación "Pedro Barrié de la Maza, conde de Fenosa", patrocinou a publicación de dous interesantes volumes titulados "Las fortalezas de la Mitra Compostelana y los Irmandiños" que ven a ser unha transcripción ordeada do chamado pleito ou arbitraje entre os bispos da Sé compostelán Tabera e Fonseca. Feito acontecido no primeiro coarto do s. XVI.

No ano 1525, o prelado Xoan Tabera, substitúe en Santiago a Alonso de Fonseca, ó ser éste destiñado a Toledo e, a quen o primeiro, reclámalle a reedificación de algunhas fortalezas e casas fortes do Reino de Galicia que foron danadas durante as guerras habidas no mandato do patriarca de Alexandría, Alonso de Fonseca e Acevedo e o sucesor Alonso de Fonseca e Ulloa.

O arbitraje deu lugar a unha documentación de incalculable valor histórico, recopilados en dous legaxos que totalizan mais de dous mil folios manuscritos conservados no Arquivo Diocesano de Santiago; o que dá unha enorme dimensión da paciencia e traballo de Anxo Rodríguez en sacar á luz tan importante fonte histórica.

A contemporaneidade do castelo de Darbo e da torre de Meira no baixo medievo, témolo refreixado en documentos aillados e a súa existencia ben corroborada definitivamente na publicación deste pleito, aportando datos de grande utilidade para a nosa historia local.

Para facer mais completo o presente traballo, optouse por desglosalo en dúas partes. Unha primeira pretendendo dar unha difusión xeneralizada do proceso irmandiño, cuxa síntese está baseada fundamentalmente na obra de Isabel Beceiro "La Rebelión Irmandiña" (Madrid 1977). E a segunda parte, na que se extrae dos volúmenes mencionados, os datos da historia local e ordealos monograficamente.

AS GUERRAS IRMANDIÑAS

Ademais das batallas localistas, provocadas sempre polo abuso de poder dos cabaleiros feudais, vai a ter singular importancia o levantamento das xentes comúns das comarcas de Pontedeume, Ferrol e Vilalba, contra da dureza amosada por Nuño Freire de Andrade. Os vilanos, capitaneados por Roi Xordo, derrubáronlle algunhas casas fortes, viñas, hortas para logo extender a acción a comarcas enteiras, como as de Lugo, Mondoñedo ou Santiago. Ditas comarcas foron recuperadas polos mesmos Nuño Freire e o arcebispo de Santiago.

A dimensión conquerida nesta revolta de 1431, mereceu a consideración de ser a primeira **guerra irmandiña**, pero sen chegar a alcanzar a xeralización de guerra do 1467 na que afectou a práctica totalidade do Reino de Galicia.

A pesares das múltiples mobilizacións antiseñoriaes, a clase nobiliaria mantivo a prepotencia de abusos directos e a protección dos "**malfechores**" que actuaban dende as fortalezas con toda impunidade.

Dentro da estrutura social do feudalismo, a clase nobiliaria obtiña os ingresos da recaudación das rendas, foros, subforos, dezmos e outros circunstanciais como serían as **behetrías** ou pagos dos labregos ó señor, para que o protexera. A **gaudiosa** ou tributo dos vasallos polo

nacemento de un fillo. A **laituosa** que era percibida polos señores, en cartos ou cabezas de gando pola morte dun vasalo. As **osas, xantares, facendeiras, fogazas** eran parte deste sistema tributario; Non obstante as principais recaudacións procedían da posesión dos dereitos de xusticia. Isto motivou aos señores feudais a acaparar o maior número de dominios e facer valerlle aos vasalos, tanto o dereito xurisdiccional como criminal e así recabar dos mesmos, o groso das riquezas (ben en cartos ou ben en especies). Esta obstinación de poder levou á clase nobiliaria a enfrentarse entre sí para ampliar seus feudos.

Entre os anos 1430 e 1460, constátase un crecemento demográfico que acarrexará un incremento das loitas nobiliarias; as cales repercutirían obstensiblemente nos extractos máis baixos da sociedade. Os labregos, vasalos, mariñeiros igrexas parroquiais, abadías, fidalguías, son, en consecuencia, os sectores fustigados pola tiranía señorial.

Son moi exemplares as manifestacións testimoniais do interrogatorio Tabera-Fonseca denunciando continuamente os **"danos, robos e males. Robo de ombres, personas y en sus vienes, robandoles sus bois y bestias y que les forcaban sus muyeres e hijas e que muchos de los dichos danos se azían ansi de las gentes que en sus casas como en la de las fortalezas"**.

Tamén era común mirar declaracións nas que se denunciaba **"muchos robos e muertes de ombres e quebrantamientos de caminos e no abia justicia ni quien la ficiera a los vasalos de uns caballeros a otros se prendían, robaban e rescataban y azian muchos males sin que posiera castigo alguno e el que mas tenía, mas valía"**. Toda-las declaracións son de por sí, un reflexo da situación sufrida por mais de vinte anos de guerra que deron lugar a un incremento considerable das recaudacións.

A epidemia de 1466 agravaría unha situación caótica, precedida por unhas malas colleitas, fames, pestes, depreciación da moeda, etc. Factores todos eles determinantes, para que a poboación tomara partido e formara irmandades co oxetivo de defenderse dos atropellos procedentes dos castelos.

A organización irmandiña, supostamente legalizada por Enrique IV, toma por nome xenérico o da **SANTA IRMANDADE XERAL DO REINO DE GALICIA**, e asumen as finalidades aprobadas polos delegados en Fuensalida (Toledo) no mes de Xaneiro de 1467 e cuxos obxetivos fundamentais radicaban na aplicación da xusticia e ben público. Manter o mellor patrimonio real era outro dos puntos que os historiadores entenden como o beneplácito de Enrique IV. De todos os xeitos as irmandades galegas aparecen dende a súa constitución vencelladas as irmandades casteláns.

As irmandades formadas nas cidades, exténdense polas bisbarras de transcendencia campesiña e mariñeira. Nas parroquias noméase a dous ou tres alcaldes e cadrilleiros ó mando de cada cen homes, organizando unha verdadeira forza militar.

O movemento popular conta co apoio de amplos estamentos feudais. De feito os principais xefes pertencen ó realengo de segundo orde, destacando entre estes a Alonso de Lanzós señor de Louriña, cabaleiro da casa dos Andrade e despois de Mariñas. Pedro Osorio, señor de Villalobos da casa dos Trastámara, linaxe de máis importancia galega, para ser desterrados de Galicia. E Diego de Lemos, señor de Sober e de Amarante. Como se dixo todos eles de inferior categoría o herdar os primoxénitos os tíduos nobiliarios.

A fidalguía, grupo social da baixa nobleza, conta con pequenas xurisdicións, maioritariamente compostas por un casteliño, casa forte e tres ou catro aldeas. A recaudación en

total apenas cubren as cargas para manter o seu rango i, en moitas ocasións eran absorbidas e agregados polas familias poderosas.

Outro tanto aconteceu co clero, quen disputaba as divisións territoriais coa nobreza laica. Sen embargo o participar economicamente na revolta, o cabido de Santiago mirouse respetado nas institucións eclesiásticas, garantizando a celebración de cultos perante o mandato irmandiño. Agora ben, os castelos do obispado foron derrubados por cumprir as mesmas funcións cos demais.

Ante a **oleada** de roubos e asaltos que sufrían os mercadeiros nos inseguros camiños e rutas, foi a causa para declinar a súa participación activa na liorta. De feito considerouse importante a reconstrución da fortaleza do monte Sagro por estar **"en mejor comarca para la defensión... y por donde pasan y bienen para Santiago binos y otros muchos mantenimientos y provisiones"**.

Os artesáns, traballadores gremiais, mariñeiros e outros afectados do sistema, incidiron notablemente na loita. Pero o verdadeiro corpo militar estivo na participación da masa labrega que nada tiña que perder e moito que gañar. **"En este reino de Galicia la gente común de los pueblos, villas y lugares y tierras llanas se ayuntara e andaban juntas en boz de hermandad"**. Era lóxico, pois, que todas estas diferentes forzas, axuntáranse en causa común.

A partires da primavera de 1467, as irmandades entran en guerra, iniciando o conflito polas cidades para estender a acción por vilas, aldeas, parroquias até afectar practicamente a todo Reino.

As operacións militares eran tomadas en segredo. Daí que a Irmandade aceptara o calificativo de Fusquenlla. Cando acordaban o derrocamento dunha fortaleza, pedían previamente, a entrega da mesma, e si o dono se resistía, tomábase entón pala forza. Cáseque todas as operacións militares eran dirixidas polos tres xefes nomeados, Osorio, Lanzón e Diego de Lemos, quen pola condición de nobles cabaleiros eran os máis expertos nas batallas abertas. Esa experiencia, valeu para levar ós irmandiños a vitoria temporal sobre a nobreza.

Dende os anos 1467 ó 1469, a Santa Irmandade en virtude da vitoria, constituiu un órgano administrador de xusticia, de tal xeito que **"aterrorizaban a los ladrones"** e foron a garantía dun dominio sen abusos e carentes de guerras. Aceptaron tributos benignos no favor dos abadengos e casas grandes que participaron na causa. Esta mentalidade mediavalista amosa a continuación do sistema sen cambeos conxunturaes, evitando a supervivencia dos máis febles. Dito sea de paso, só a burguesa sería capaz de trocar as ordes económicas pero nese entón, estaban moi lonxe de conquerilas.

Algúns dos señores derrotados escondéronse en refuxios dos vasalos fideles. Outros pocos, marcharon para Castilla por mor da guerra civil entre Enrique **IV** e o infante Alonso, personaxe que gozaba das maiores simpatías no realengo galego, os cales polas circunstancias máis favorabeis decidiron fuxir hacia Portugal.

No agosto de 1468, Pedro Alvarez, coñecido popularmente por Perálvez ou Pedro Madruga, asume a xefatura do seu liñase Soutomaior. O carácter belicista levaríao a recuperación das terras propias. Agora ben, cabe destacar a axuda recibida das familias portuguesas de quen es estaba vinculado por matrimonio.

As diferentes clases que compuñan a Santa Irmandade reventaron en contradicións propias. A pequena nobreza privada de poder non aturou a supremacía irmandiña, mirando con recelo a desobediencia en contra deles. O final acabaron por xuntarse cos grandes cabaleiros.

Peralvárez de Soutomaior organiza un exército de portugueses e casteláns e pacta co arcebispo de Santiago e Xoan de Pimentel unha contraofensiva. En 1469, dirixe un exército fortemente armado hacia o castro da Franela, donde estaban fortificados os homes do obispado de Tui e ós que derrota con facilidade.

A súa marcha hacia Santiago é imparable, con apenas resistencia en Pontevedra. En Santiago con Pimentel, vencen a Pedro Osorio. A raíz dos trunfos, a linaxe galega tórnase no seu apoio i en pouco tempo rematan cos reductos irmandiños fortificados na Lanzada.

Tomar represalias contra todos que participaron nas irmandades, supuña o aniquilamento masivo de servos e vasallos. Por iso cando o mítico mariscal Pardo de Cela propúsolle ó conde de Lemos que **"ynchiese de vasallos los carballos"**, éste non dubidou en repostarlle que **"no quería porque no se había de mantener de los carballos"**.

Pasada a xeira irmandiña, tornaron as loitas nobiliarias e o rexurden da opresión social. Situación que foi postergada durante os anos seguintes.

Coa subida o trono castelán dos Reis Católicos, implantáronse importantes medidas políticas para a **"doma e castración do Reino de Galicia"**. Noméase a xente fidel nos postos claves para controlar as Irmandades. Por contrapartida atacan ós señores causantes dos desordes, e levan a meirande parte da nobreza para Castilla.

Con grande entusiasmo popular foron acollidos tales medidas, en especial por erradicar as loitas internobiliarias e dotar a Galicia dunha Audiencia a onde poder recurrir para frenar os delitos comúns, incrementando así, as liberdades cidadáns.

A pesares da diminución da conflictividade social, os problemas económicos non variaron, nin tampouco as condicións de traballo. Non obstante, pola súa banda, os Reis Católicos mantiveron unha monarquía autoritaria, de ferreo centralismo de consecuencias imprevisibles para o Reino de Galicia.

Publicado no boletín de difusión cultural da Agrupación C.D.R. "Nós" (Moaña) e Xiria. Asociación Cívico-Cultural (Cangas). Días das Letras Galegas. Maio/1986.